

Xoves despois da festa da Stma. Trindade CICLO A
SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

PRIMEIRA Dt 8, 2-3. 14b-16a:

Deuche unha comida que descoñecías ti e mailos teus pais

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO
DO DEUTERONOMIO

Daquela faloulle Moisés ao pobo dicindo:

- Has de te lembrar do camiño polo que o Señor, o teu Deus, te fixo camiñar polo deserto durante estes corenta anos para aflixirte e poñerte a proba e saber o que hai nas túas intencións: se ti querías gardar os seus mandamentos, ou non. El aflixiute, facéndote pasar fame, e logo deuche de comer o maná, que nin coñecías ti nin coñecían teus pais, co fin de che dar a coñecer que non soamente do pan vive feliz o home, senón que o home vive feliz con todo o que sae da boca do Señor.

Non te esquezas do Señor, o teu Deus, que foi quen te sacou do país de Exipto, da casa da escravitude; foi quen te fixo camiñar polo deserto grande e terrible, por culpa das serpentes de mordedura queimante, dos escorpións e da sequidade (pois non había auga); foi El quen fixo saír para ti auga da pedra de granito; foi El quen che deu a comer no deserto o maná, que teus pais non coñecían.

SALMO RESPONSORIAL Sal 147, 12-13. 14-15. 19-20

R/ (12a): Glorifica ao Señor, Xerusalén

Ou: Aleluia

Glorifica ao Señor, Xerusalén,
louva o teu Deus, Sión.
El reforza os ferrollos das túas portas
e bendice os teus fillos no teu seo.

Establece a paz nos teus confíns
e fártate de flor de trigo.
El manda á terra a súa mensaxe
e a súa palabra corre lixeira.

El anuncia a Xacobe os seus proxectos,
os seus estatutos e mandatos a Israel.
Non fai así con outros pobos
que descoñecen as súas decisións.
Aleluia.

SEGUNDA 1 Cor 10, 16-17:

Moitos formamos un único pan, un só corpo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

A copa da bendición que bendicimos, non é unha comunión co sangue de Cristo? O pan que partimos, non é unha comunión co corpo de Cristo? E como hai un único pan, tamén nós, sendo moitos, formamos un único corpo, porque todos participamos dese único pan.

SECUENCIA, Ad libitum: Lauda Sion, Salvatorem,
ou, máis breve: Ecce panis

ALELUIA Xn 6, 51:

Eu son o pan vivo, que descendín do ceo, di o Señor;
quen coma deste pan, vivirá eternamente

**Xoves despois da festa da Stma. Trindade CICLO A
SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO**

EVANXEO Xn 6, 51-58:

A miña carne é verdadeira comida, o meu sangue é verdadeira bebida

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dilles Xesús aos xudeus:

Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.

Discutían entón entre eles os xudeus:

- Como pode este darnos a comer a súa carne?

Díxolles entón Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Así coma o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min. Este é o pan que baixou do ceo; non coma o que comeron os pais que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.